



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Xestión de Empresas Marítimas	Código	631G01312	
Titulación	Grao en Náutica e Transporte Marítimo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña			
Coordinación	Pérez Canosa, José Manuel	Correo electrónico	jose.pcanosa@udc.es	
Profesorado	Pérez Canosa, José Manuel	Correo electrónico	jose.pcanosa@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A45	Capacidad para la gestión, dirección y control de empresas y actividades relacionadas con el ámbito marítimo.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B14	Capacidade de análise e síntese.
B16	Organizar, planificar e resolver problemas.
B21	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
B22	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C10	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplas (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Evaluar el entorno de la empresa marítima empleando diferentes metodologías.	A45	B3 B14	C4
Organizar las funciones de la empresa marítima.	A45	B16	
Diseñar y desarrollar el plan de empresa de una empresa marítima.	A45	B3 B21 B22	C4 C5 C10

Contidos	
Temas	Subtemas
Constitución e organización dunha empresa marítima.	Fórmulas xurídicas da empresa. Proceso de constitución dunha empresa. Organización dunha empresa marítima.
O plan de produción dunha empresa marítima.	Propósito do plan de produción dunha empresa. O aprovisionamento. Análise de custos.
Inversión e financiación da empresa marítima.	Inversión e gastos iniciais. Fontes de financiación da empresa marítima.



Análise contable e financeiro dunha empresa marítima.	Propósito da contabilidade nunha empresa. O balance de situación. Análise de balance.
Xestión da empresa marítima.	Planificación futura da empresa. Xestión eficiente e medioambientalmente responsable. Investigación operativa e a súa aplicación na empresa marítima.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A45 B3 B14 C4	25	50	75
Proba obxectiva	A45 B3 B14 B16 B21 B22 C4 C5 C10	4	11	15
Portafolios do alumno	A45 B3 B21 B22 C4 C5 C10	22	33	55
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p> <p>O traballo que se desenvolverá nesta asignatura consistirá no deseño e desenvolvemento do plan de empresa dunha empresa marítima.</p>
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>
Portafolios do alumno	<p>Realizaranse diferentes tarefas e actividades sobre os temas da asignatura. Para isto organizarase o alumnado en pequenos grupos para que traballen de forma autónoma e colaborativa. O resultado das actividades e tarefas irase recopilando nun portafolios. Ademais, o rexistro de progreso do traballo tutelado irase engandido a medida que se vaia avanzado neste.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	Para a súa realización é importante consultar co profesor os avances que se vaian realizando progresivamente para ofrecer as orientacións necesarias en cada caso para asegurar a calidade dos traballos de acordo aos criterios que se indicarán. O seguimento farase preferentemente de forma individualizada. O alumnado que esté a realizar o traballo tutelado enviará semanalmente mediante correo electrónico ou o aula virtual un informe indicando o progreso realizado así como as dúbidas que xurden. O profesor resolverá estas dúbidas polos mesmos medios ou mediante a aplicación de Teams atendendo a complexidade da dúbida plantexada. O seguimento farase preferentemente de forma individualizada.
---------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A45 B3 B21 B22 C4 C5 C10	O traballo recollido no portafolio así como a súa organización e presentación avaliarase atendendo a unha rúbrica e calificarase sobre 10 puntos. Será preciso acadar polo menos un 5/10 para que a nota faga media cas demais actividades e traballos da asignatura.	20
Traballos tutelados	A45 B3 B14 C4	Consistirá no deseño e desenvolvemento dun plan de empresa dunha empresa marítima e a súa presentación oral. Calificarase mediante unha rúbrica e puntuarase sobre 10 puntos. Será preciso obter 5 puntos sobre 10 para que faga media co resto dos resultados.	60
Proba obxectiva	A45 B3 B14 B16 B21 B22 C4 C5 C10	Consistirá nunha proba escrita sobre os contidos das actividades e prácticas plantexadas no aula e a análise dun texto relacionado co entorno da empresa marítima empregando as ferramentas de diagnóstico de entorno da empresa empregadas nas actividades e prácticas feitas o longo da asignatura.	20

Observacións avaliación

O alumnado que vaia facendo e entregando as actividades expostas na aula e, ou, no campus virtual, nos prazos indicados polo profesor, será avaliado de forma continua atendendo as metodoloxías descritas na guía docente.

No caso de presentarse máis dunha actividade fora do prazo de entrega indicada polo profesor ou non entregarse, o alumnado será avaliado mediante unha proba obxectiva final en xuño.

Ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia non se lle requirirá unha asistencia mínima para poder presentarse aos exames nin tampouco para poder entregar o portafolio ou os traballos tutelados, pero deberá acordar co docente unha serie de titorías (presenciais ou non presenciais) o longo do curso para acreditar o seguimento da materia.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Alan E. Branch (2014). Elements of shipping. Routledge (Taylor & Francis Group) London & New York- Martin Stopford (2004). Maritime Economics. Routledge (Taylor & Francis Group) London & New York- Panayides, P. M., & Visvikis, I. D. (2017). Shipping operations management.. Springer.- Theotokas, I. (2018). Management of shipping companies. . Routledge (Taylor & Francis Group) London & New York- Panayides, P. M. (Ed.). (2019). The Routledge Handbook of Maritime Management..- VVAA. (2020). Lecciones de derecho empresarial. (2020). Lecciones de derecho empresarial.. Tirant lo Blanch
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- John M. Downard (1984). Managing Ships. Faiply Publications, London.- Alexandros M. Goulielmos (2019). Plan the Business of a Vessel of a Tramp Shipping Company. Modern Economy, 2019, 10, 1633-1653

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa e Dereito/631G01109
Economía Marítima/631G01201

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

/

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías